

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 11

SESION EXTRAORDINARIA DO 5 DE SETEMBRO DE 2018

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e nove minutos do día cinco de setembro do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a

todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno extraordinario, solicitude asinada polo Grupo Popular, convocatoria que obra en poder de tódolos concelleiros/as. Punto único, tal e como foi solicitado. O tratamento como xa foi informado será como corresponde, tratamento de moción como así foi formulado, había outras figuras para poder requirir pero o grupo Popular optou por esta figura e polo tanto, seguiremos o que manda o Regulamento do Pleno.

UNICO (167).- ACCIDENTE PRODUCIDO EN VIGO NA NOITE DE 12 DE AGOSTO DURANTE A CELEBRACIÓN DO CONCERTO DENTRO DAS ACTIVIDADES DO MARISQUIÑO 2018. REXISTRO PLENO 1841/1101.

ANTECEDENTES: En data 24.08.2018, o grupo municipal do Partido Popular presenta solicitude de pleno extraordinario asinada por tódolos seus membros, co seguinte texto:

“Motivación

O pasado 12 de agosto de 2018 tivo lugar na nosa cidade un lamentable e grave accidente con un grande número de feridos afectados debido ao afundimento dunha zona nas inmediacións das Avenidas na que se autorizara a celebración dun concerto organizado dentro das actividades de O Marisquiño 2018.

O Partido Popular tiña advertido reiteradamente da situación precaria na que se atopa a devandita zona debido ao incumprimento por parte do Concello do convenio “Abrir Vigo al Mar” asinado no ano 92 entre o Concello, a Autoridad Portuaria e o Consorcio da Zona Franca de Vigo no que se impón un deber de mantemento ao Concello da devandita actuación.

Dende o día seguinte ao accidente o Grupo Municipal do Partido Popular ven reclamado reiteradamente toda a documentación sobre as actuacións municipais preceptivas (expedientes de licenzas, permisos, informes de seguridade, plan de autoprotección, etc...), para a autorización da celebración das actividades e concertos comprendidos no programa de O Marisquiño 2018.

Como ven sendo habitual, e pese á opinión favorable dos funcionarios ao noso dereito a obter a documentación, o goberno municipal tense negado ata o día de hoxe a facilitar a información solicitada, achegando unicamente a autorización de ocupación de espazos emitida pola Autoridade Portuaria de Vigo.

Esta situación é tan so a derradeira mostra da incapacidade do alcalde de asumir a súa responsabilidade política e tamén a última mostra dun exercicio de escapismo que está levar ao goberno municipal ao incumprimento reiterado de disposicións legais e dos procedementos democráticos mais elementais froito dun abuso da maioría absoluta da que dispón.

Deste xeito consideramos que debe ser o Alcalde de Vigo, Abel Caballero, o que neste Pleno extraordinario ofrezca todas as explicacións oportunas que leven ao esclarecemento das responsabilidades nas que puidese ter incurrido este Concello sen prexuício das que puidesen corresponder a outras instancias.

Polo anteriormente exposto, ao amparo do disposto artigo 46 2.a da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local e no artigo 44 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo os sete concelleiros integrantes do Grupo Municipal do Partido Popular, abaixo firmantes, solicitan ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a convocatoria dun Pleno Extraordinario da Corporación Municipal de Vigo coa seguinte proposta de orde do día:

UNICO.- Accidente producido en Vigo na noite de 12 de agosto durante a celebración do concerto dentro das actividades do Marisquiño 2018. Actuacións levadas a cabo pola administración municipal.

E coas seguintes proposta de acordo:

1. Instar ao goberno municipal a achegar aos grupos da oposición toda a documentación sobre as actuacións municipais preceptivas (expedientes de licenzas, permisos, informes de seguridade, plan de autoprotección, etc...), para a autorización da celebración das actividades e concertos comprendidos no programa de O Marisquiño 2018.
2. Instar ao goberno municipal a cumprir a súa obriga de mantemento contemplada no convenio "Abrir Vigo al Mar" asinado o 2 de novembro de 1992, executando todas as obras necesarias para a inmediata reparación de toda a actuación contemplada neste convenio."

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eliximos a única forma que nos garantía que tiveran que dar conta, calquera outra sería bloqueada pola súa maioría absoluta, porque

vostede non quere dar explicacións Sr. Alcalde, ese é o problema que teñen tódolos vigueses/as e o queremos dende o Partido Popular dende o minuto un é que se saiba a verdade e ao que vostede se adicou Sr. Alcalde dende o minuto un é a intentar que non se coñeza a verdade, esa é a realidade, e por iso este Pleno vai ser unha pantomima de 18 minutos porque vostede quere que se fale o menos posible de O Marisquiño, esa é a realidade, porque non vale a demagogia barata, de preocuparse agora polas vítimas e polos feridos só de palabra, hai que preocuparse explicándolles o que pasou e dándolles conta de forma pormenorizada do que é o que fixeron vostede en concreto, para evitar que se fixera un accidente que causou 467 feridos en O Marisquiño.

Nós estamos absolutamente a favor de O Marisquiño queremos que se sega celebrando na nosa cidade, cremos que é un evento importante para a nosa a cidade, pero en condicións de seguridade, condicións de seguridade Sr. Alcalde que desgraciadamente vostede esqueceuse porque se afundi un paseo enteiro onde vostede autorizou un concerto e aínda non nos dixo por que autorizou ese concerto, porque a seguridade é o máis importante que ten que garantir un Alcalde, Sr. Caballero para tódolos veciños, a seguridade de tódalas persoas, a seguridades dos mozos e dos adultos e a súa principal obriga, porque ser Alcalde non é estar tocando o bombo todo o día, estar montándose en bicicleta, en piscinas de bolas, ser o pegoiro nos concertos iso non é ser Alcalde, nos verdadeiros momentos, non momentos importantes se demostra onde hai un Alcalde que exerce as súas competencias e tamén asume as súas responsabilidades e nese punto está vostede decepcionando extraordinariamente a moitos vigueses que probablemente lle deron a confianza hai tres anos e que agora están horrorizados do que se converteu vostede como Alcalde de Vigo a súa soberbia, a súa incapacidade para escoitar a todo o mundo e a súa única preocupación pola súa persoa, única e exclusivamente pola súa persoa, é moito máis gobernar. Lamentablemente, sabe o que lle digo Sr. Caballero, lamentablemente este accidente non se houbera producido se vostede non fora o Alcalde de Vigo, se houbera calquera outro Alcalde este accidente non se houbera producido, non estaríamos falando de 467 feridos e do afundimento dun paseo porque si se produciu foi nunha boa parte pola súa forma de entender a xestión dende a Alcaldía, pola súa forma de entender a política, pola súa forma de

governar, porque vostede é o Alcalde que cambia as losetas dunha rúa, que pon flores e que se esquece de que as tubaxes que van por debaixo, que levan a auga ás casas de tódolos vigueses están podres e esas non as cambia porque non se ven, e non lle importa que os vigueses beban auga en mal estado porque vostede é un Alcalde que se nega sistematicamente a contestar e nega sistematicamente tódolos problemas que hai nesta cidade e escoitar nada máis que o que lle interesa, si con esas risitas que ten vostede, con esa risita está falando dos afectados e dos 467 feridos, ese é o respecto que lle ten vostede aos cidadáns, falando de risitas e contestando con risitas pero está moi preocupado e vostede sábeo, xa está ben de creerse protagonista de O Marisquiño o centro de tódalas fotos, poderíamos ensinar tódalas fotos que se fixo en O Marisquiño Sr. Alcalde, era o centro, o protagonista da película e despois de que se cae o paseo resulta que pasa a ser vostede un figurante, escondéndose detrás dun concelleiro por non falar da presidenta de Deputación de Pontevedra que quedou muda e non volveu falar do tema dende entón. Eses son os dirixentes que ten esta cidade, quedou calado, escondéndose detrás dun concelleiro, non dando a cara como Alcalde que é e sobre todo intentando desviar a atención a outras administracións pero non pode escapar de esta, non pode escapar porque o único responsable, o único competente legalmente é vostede, o único que tiña que comprobar que se cumprían tódolos requisitos de seguridade é vostede Sr. Caballero, o único que tiña que garantir que todos os servizos do Concello se poñían a disposición e facían tódalas comprobacións para verificar que íamos estar seguros as máis de 100.000 persoas de O Marisquiño é vostede Sr. Alcalde nada máis que vostede, non é o Porto, só vostede, a lei dálle a responsabilidade.

SR. PÉREZ CORREA: Este grupo municipal solicitara, obviamente non é baladí que estea proposto a esta hora este Pleno porque creo que máis cansos que nós incluso estarán os medios de comunicación e a xente que asiste pero este grupo solicitaba que non houbera limitación de tempo e que traballáramos ou puxéramos enriba da mesa cando menos as dúbidas que temos no proceso, este grupo municipal tamén está preocupado polas certezas porque ter certezas nun accidente destas características cando menos é perigoso porque non significa que non somos nin sequera capaces de analizar os escenarios políticos nos que nos

movemos e as dificultades ademais que non demos resolto en moitos anos, e claro que este accidente podería ter pasado con outro Alcalde, incluso este accidente podería ter pasado na cantidade de portos e paseos destas características que hai no estado Español porque non se da resolto dunha vez por todas as competencias que asumen os concellos e as competencias das autoridades portuarias, acaban de anular un no Porto de Alacante onde se ía celebrar un acto destas características precisamente porque agora hai medo, pero que tamén o medo é o que fixo que teñamos unha nova Lei de emerxencias de Galicia, o Partido Popular lanzou esta lei, a parte o recoñeceron despois do Madrid Arena, e claro que temos deficiencias en materia de emerxencias, tanto no ámbito municipal como nas responsabilidades da Xunta de Galicia, dende logo no ámbito municipal para nós hai un Plan de Emerxencias que está claramente ou que reflicte insuficiencias claras por parte do goberno local, pero nós queremos polo menos nos poucos minutos que imos ter poñer algunhas cuestións que consideramos que a futuro de traballo xa hai vontade política de facelo, licencia, responsabilidade, a licencia da actividade do Concello de Vigo é que ten que dala, nós non temos ningunha dúbida de que aí teremos que ver se se fixo correctamente ou incorrectamente e a autorización do Porto, entre outras cousas porque é o dono dos terreos, polo tanto hai dúas administracións que emiten, Plan de emerxencia, o Concello ten que ter o seu e así como pon, o Entroido, en Semana Santa, a Cabalgata de Reis, a Reconquista, o concurso de rondallas que xa non se celebra, o parque de Castrelos e a zona do Casco antigo O Marisquiño, que poñan no Plan de Emerxencia do Concello pero tamén o Plan de Emerxencia que a Xunta de Galicia ten que titular a través da lexislación e por suposto tamén a empresa, logo falarei da empresa no pouco que me quede e no que ten feito a xente de O Marisquiño que creo que non lle temos agradecido suficiente colocar a Vigo na plana internacional e agora estamos todo o mundo, digo todo o mundo, este Concello e a Autoridade Portuaria cargarlle o morto aos organizadores de O Marisquiño que son os únicos que non son culpables, os únicos que non son culpables.

Despois o Plan de Autoprotección, son declaracións do Alcalde que di tamén terá a súa responsabilidade, está nas hemerotecas e calquera medio de comunicación pódoo poñer. O Plan de Autoprotección, faino a empresa pero o Concello obviamente ten que darlle o visto bo e obviamente a Xunta de Galicia entra dentro

das súa responsabilidade, dentro desa lei que para nós é discutible que propón con respecto aos espectáculos e logo resolvamos dunha vez o convenio de Abrir Vigo ao Mar, dunha vez, porque non é só este problema que parte é convenio de Abrir Vigo ao Mar, que interacción é Porto-Cidade, por que se clasificaron determinados terreos como interacción Porto-Cidade que efectivamente esa zona está fora da interacción Porto-Cidade polo tanto o Concello non podería obrar nela iso é así, iso é o que din nos informes pero queríamos discutilo se hai un informe que di o contrario, o Concello de Vigo non pode ter unha autorización para obrar nunha parte do Porto que non é interacción Porto-Cidade pero tamén o Concello de Vigo teremos que resolver porque estamos pagando un canón do túnel cando ao mellor non tiñamos que estar pagando ese canón do Porto, porque a Zona Azul está nunha zona como Cánovas do Castillo que é do Porto e non é responsabilidade municipal, isto ímolo resolver en 5 minutos, se hai vontade, creo que o de O Marisquiño serve para solventar determinadas cuestións que sempre que aparecen co que é interacción Porto-Cidade do que é Porto-Cultura do que é o tinglado e levamos anos pelexando. Solventemos estas 4 cuestións e non agora nun Pleno paripé, nun Pleno absolutamente ridículo, calmemos ás familias e logo este Concello que lle dea unha homenaxe aos organizadores de O Marisquiño para que o ano que ven estean aquí e que as cousas que se dixeron sobre todo por parte da Autoridade Portuaria, se retiren da axenda política, de cargarlle o morto ás persoas que de maneira desinteresada, podendo irse a outra cidade que poñían moitos cartos enriba da mesa, quixo apostar por Vigo e creo que non estamos á altura desa aposta e polo menos dese compromiso coa cidade.

Somo moitas cousas e ademais hai un Alcalde que asinou un convenio.

SR. LÓPEZ FONT: Arranco novamente lembrando ás vítimas das que esqueceu a Sra. Muñoz e arranco cunha defensa da organización de O Marisquiño dende este Concello que a levamos executando en tódalas edicións nas que gobernamos pero xa anteriormente se fixo dende o Porto de Vigo coa presidencia do Sr. Caballero, polo tanto, somos nós os que potenciamos O Marisquiño, os que o defendemos como organización seria e os que evidentemente estamos ao seu carón, non outros están ao seu carón, lembro ás vítimas, o Pleno o que pediron vostedes, había outro formato e non vale esta historia de que houberamos bloqueado, foi o

Pleno que vostedes quixeron e polo tanto é o que estamos a realizar.

Sra. Muñoz, zona do accidente non é un paseo, é un peirao, é que non pode negar a maior evidencia do que lle ensinaba anteriormente de que neste plano que é do Porto de Vigo está definido como un uso portuario, náutico-deportivo, estamos todos de acordo en que este salón non é unha discoteca? Pois tamén teremos que estar de acordo en que onde se produciu ese accidente é un peirao e non outra cuestión e isto non o digo eu, dío o Plan de Usos do Porto de Vigo que é un Boletín Oficial do Estado, esta é a realidade, polo tanto mire, eu estou convencido que nun momento determinado da súa intervención pensei que ía dicir que o Sr. Caballero era o culpable de que se houbera caído o Ponte de Génova, porque xa vexo cal era a súa intención, pero mire, isto é absolutamente incuestionable e vostede está faltando á realidade, a legalidade en canto ao que é a actuación do Concello na Lei de Espectáculos, e está a fallar en canto ao corresponde a este Concello, porque esa é a realidade, ver as competencias e a competencia deste Concello non ten que ver cos espazos, ten que ver coa licenza do espectáculo que se autorizou que foi o único que se nos pediu e polo tanto, pode estar repetíndoo todo o tempo que queira pero isto non se corresponde coa realidade.

Pero mire, eu me quero referir a outro tema, ao da xestión do sinistro, o Alcalde de Vigo estivo dende o primeiro minuto, estivo ata as 5 e pico da mañá alí ata que os bombeiros cos medios que temos de cámaras xeotérmicas, comprobaron que alí non había ningún risco e como compartín con el os accidentes que houbo nesta cidade pódello garantir orgulloso de que temos que ser a envexa de calquera cidade pola forma na que sabe o Alcalde dirixir estas crises e servizos que isto é moi difícil e non o sabe facer ninguén, pero sabe o que opinan os vigueses, da ausencia intolerable, porque aquí dende o minuto un do accidente quen debería de ter estado é o Presidente da Xunta de Galicia e o Presidente da Xunta de Galicia estaba cerca e non quixo vir nunha clara mostra de desprezo, primeiro aos accidentados, segundo aos vigueses e terceiro institucionalmente no que é a defensa desta cidade.

Polo tanto, orgullosos do que se fixo, orgullosos do que estamos a facer porque utiliza vostede o non houbera pasado, mire, é unha demagogia, sabe cal é o problema, que o que non houbera pasado serían as listas de espera en Galicia se non gobernase o Sr. Feijóo, o que non pasaría sería que non habería un morto no

centro de saúde da Estrada se non gobernase o Sr. Feijóo.

Polo tanto, nós cumprimos coa legalidade pero as veces non hai mellor proba que o que senten os cidadáns, voulle pasar agora unha carta contestando ao Sr. Feijóo que definiu como bochornoso e isto non o di o Sr. Font, dío un cidadá que estaba o día do accidente. Bochornoso é que o Presidente da Xunta de Galicia non se persoarse en ningún momento no lugar, e un dos seus parágrafos e confirmouno vostede nesta intervención Sra. Muñoz, di, bochornoso é que a sensación que os vigueses obtivemos dos representantes locais do Partido Popular foi de alegría polo que sucedeu, e que lle guste ou non, esa foi a impresión que deron e esta se corresponde coa que vostede dixo hoxe.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Mire, Sr. Alcalde, desaproveitou vostede unha oportunidade extraordinaria de demostrar valentía política e dar persoalmente explicacións polo que pasou en O Marisquiño, volveu vostede a esconderse detrás dun concelleiro, é lamentable pero non lamentable para o Partido Popular, non, nin para o resto dos vigueses, sobre todo é lamentable para as familias dos 467 feridos, a maioría rapaces mozos que non van esquecer a experiencia que viviron en toda a súa vida, a eses é ao que lle debe vostede unha explicación, mirándoos aos ollos e a todos eles Sr. Alcalde, e aquí aínda non lles contou por que non cumpriu co que di a Lei por que non comprobou a seguridade antes de autorizar un concerto nun paseo que non estaba en condicións, póñase na pel vostede dun pai ou nai, xa sei que non ten fillos, pero intente poñerse na pel dun pai ou dunha nai que deixa a un fillo nun concerto pensando que o deixa seguro e que seguinte chamada que recibe é que vai camiño do hospital, esa desesperación dos pais non a pode vostede nin imaxinar, eses pais necesitan explicacións do Alcalde de Vigo e non necesitan que o Alcalde de Vigo actúe de forma covarde porque está sendo vostede un covarde político porque é moi fácil falar cando non hai preguntas, é moi fácil falar cando non te poden repreguntar, é moi fácil falar nas roldas de prensa cando se calan as preguntas que non interesan pero aquí é onde ten vostede que dar a cara, onde está representados tódolos vigueses e aquí se demostrou que non quere dar a cara e non quere dar ningunha explicación, é sinceramente lamentable non está vostede á altura da gran cidade da que é Alcalde, lle queda moi pequeno a tódolos vigueses e a tódalas viguesas que non se merecen o Alcalde que teñen,

que ten que ser Alcalde nos momentos como este, nos momentos como este e non escondéndose destras dun concelleiro pero imos seguir Sr. Caballero, non lle quepa ningunha dúbida de que imos seguir ata o final porque queremos explicacións, de rendibilidade política de vantaxe político xa sabe moito o Partido Socialista, son expertos no Partido Socialista pero aquí hai responsabilidades políticas e son as súas, vostede é responsable de non pedir licencia, de non habela emitido, responsable de non haber comprado a seguridade, responsable en definitiva de que 400 persoas se afundiran nun paseo, vostede é o responsable único e non O Marisquiño, vostede, o Sr. Abel Caballero e ten que asumir esa responsabilidade porque senón será indigno de ser Alcalde de tódolos vigueses.

PRESIDENCIA: Rematado o debate dunha moción, mocións que contestan sempre os concelleiros e os membros do grupo, porque esta é unha moción, ninguén solicitou unha comparecencia do Alcalde para falar aquí e cando queira que compareza o Alcalde que proben a solicitar unha comparecencia do Alcalde, igual que ao Sr. Feijóo onte non aceptou comparecer para explicar un grave feito que sucedeu na Estrada, non aceptou onte o Sr. Feijóo comparecer a un grave feito que sucedeu na Estrada, volvo dicir, igual que onte o Sr. Feijóo non accedeu a comparecer para dar explicacións dun grave feito que sucedeu nun ámbito sanitario da Estrada, estas son as cuestións, por iso falaremos da moción porque é unha moción e votaremos a moción, ten dous puntos, sometemos os dous puntos á votación.

VOTACIÓN DAS PROPOSTAS: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, dúas abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar as propostas de acordo presentadas polo grupo municipal do Partido Popular que figuran na parte expositiva deste acordo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,
Abel Caballero Alvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
José Riesgo Boluda.